



## RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA

### ANTECEDENTES

Resultando que en 12/02/2018 a Xefatura Territorial de Vigo- Servizo de Emprego e Economía Social autoriza a contratación anticipada no expediente de solicitude da Mancomunidad de Concellos do Val Miñor de concesión da subvención para a obra o servizo <<Lifeguard: Servizo de salvamento e socorrismo nas praias da mancomunidad>> ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora de empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2018.

Resultando que en data 22/03/2018 incóase expediente para a contratación de 34 socorristas e un coordinador co obxecto de garantir a seguridade nas praias dos Concellos de Baiona e Nigrán e dar cumprimento a obriga de presenza de socorristas de acordo coa guía de interpretación das praias elaborada por ADEAC para a execución da obra o servizo <<Lifeguard: servizo de salvamento e socorrismo nas praias da mancomunidad>>.

Resultando que con data 4 de xuño de 2018 realizouse o proceso selectivo correspondente, superado por 9 dos 10 aspirantes, polo que o número de socorristas resultante non satisfai as necesidades da Mancomunidad segundo a memoria do proxecto de obra ou servizo <<Lifeguard: servizo de salvamento e socorrismo nas praias da mancomunidad>>

Resultando que por Resolución da Alcaldía de data 21/06/2018 incoouse expediente para a contratación laboral temporal por obra ou servizo de 6 socorristas (ampliáveis a 15 prazas) para a execución do programa <<Lifeguard: servizo de salvamento e socorrismo nas praias da mancomunidad>> con cargo aos recursos propios da Mancomunidad.

Resultando que no xornal "Faro de Vigo" do venres 22 de xuño de 2018 saíu publicado o anuncio de apertura do prazo de presentación de instancias.

Vista a Resolución da Presidencia do 29 de xuño de 2018, pola que se aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, á que se lle concede un prazo de 2 días para a emenda da solicitude, prazo que rematou o día 3 de xullo de 2018.

En virtude do exposto esta Presidencia, **RESOLVE:**

**Primeiro.** Aprobar a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas:

#### **ADMITIDAS**

1. Ammatuna Granja Nicolás Gabriel.
2. Rodríguez dos Santos Mauro.



## **EXCLUÍDAS**

1. Miranda Muñiz Francisco Javier.

**Segundo.** A realización das probas terá lugar o luns día 9 de xullo de 2018 da seguinte forma:

- As 09:30 h na praia da Barbeira (Baiona) realizarase a primeira proba.
- A segunda proba terá lugar as 10:00 h na Casa do Concello de Baiona., na rúa Lorenzo de la Carrera 17 (Baiona).

As persoas aspirantes deberán vir provistas das súas propias aletas.

**Terceiro.** Designar o Tribunal de Selección:

- Presidenta: Ana Llorca Maneiro, tesoureira da Mancomunidad de Concellos do Val Miñor.
- Vocais:
  - o José Manuel Vázquez Varela, xefe da Policía Local de Nigrán.
  - o José Manuel González Denís, policía local de Baiona
  - o Javier Fernández López, técnico de deportes do Concello de Baiona.
- Secretario: Jose Manuel Pousa Rodríguez, funcionario do Concello de Baiona.

**Cuarto.** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios da sede da Mancomunidad do Val Miñor, sita na rúa Ventura Misa, nº 19, Baiona e na páxina web do Concello de Baiona ([www.baiona.org](http://www.baiona.org)).

Baiona, na data que figura á marxe deste documento asinado electronicamente.

O PRESIDENTE,

Dou fe

A SECRETARIA,